

Disposición transitoria única. *Mantemento do emprego militar en cargos xudiciais.*

Os que no momento da entrada en vigor desta lei ocupen cargos xudiciais conferidos de acordo coa normativa anterior, continuarán exercéndoos conforme ela, con emprego militar igual ou distinto ó aquí establecido, ata que cesen no cargo respectivo por algunha das causas legais.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a disposición adicional primeira da Lei orgánica 16/1994, do 8 de novembro, pola que se reforma a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, así como cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido nesta lei orgánica.

Disposición derradeira primeira. *Acceso ós arquivos e rexistros.*

O Goberno aprobará as normas que sexan necesarias para garantirlles ós interesados o acceso ós libros, ós arquivos e ós rexistros da xurisdicción militar que non teñan carácter reservado, nin se encontren clasificados. Para tal efecto, detallaranse as condicións e criterios obxectivos esixibles para acreditar a condición de interesado.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 15 de xullo de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

14187 *LEI ORGÁNICA 10/2003, do 15 de xullo, que, co carácter de complementaria da Lei 25/2003, do 15 de xullo, pola que se aproba a modificación do Convenio Económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra, modifica a disposición derradeira primeira da Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria da Lei xeral de estabilidade orzamentaria. («BOE» 169, do 16-7-2003.)*

JUAN CARLOS I
REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria á Lei xeral de estabilidade orzamentaria, regúlase a aplicación ás comunidades autónomas dos principios fundamentais en relación coa estabilidade orzamentaria para, dunha parte, asegura-lo cumprimento do obxectivo de estabilidade no sector de comunidades autónomas e, doutra parte, establece-os mecanismos que garantan a cooperación efectiva entre o Estado e aquelas nesta materia.

Para o caso concreto da Comunidade Foral de Navarra, a citada Lei orgánica 5/2001 preveu no punto 1 da súa disposición derradeira primeira que a súa aplicación se levará a cabo, conforme o establecido no artigo 64 da Lei orgánica de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra, mediante unha disposición de rango legal.

Na alínea l) do punto 2 do artigo 67 do Convenio Económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra anexo á Lei 25/2003, pola que se aproba a modificación do Convenio Económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra, recóllese como unha competencia da Comisión Coordinadora a de acorda-los compromisos de colaboración e coordinación en materia de estabilidade orzamentaria.

Polo tanto, e dado que na citada lei se concretou a aplicación a Navarra da normativa de estabilidade orzamentaria, procede dar unha nova redacción ó mencionado punto 1 da disposición derradeira primeira da Lei 5/2001, como así se acordou coa Comunidade Foral de Navarra na Comisión Negociadora do Convenio Económico en sesión celebrada o 22 de xaneiro de 2003.

Artigo único.

Dáselle unha nova redacción ó punto 1 da disposición derradeira primeira da Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, que quedará redactado como segue:

«En virtude do seu réxime foral, a aplicación á Comunidade Foral de Navarra do disposto nesta lei levarase a cabo, segundo o establecido no artigo 64 da Lei orgánica 13/1982, do 10 de agosto, de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra, conforme o disposto no artigo 67.2.l) do Convenio Económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra, aprobado pola Lei 28/1990, do 26 de decembro.»

Disposición derradeira única.

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», se ben producirá efectos desde o 1 de xaneiro de 2003.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 15 de xullo de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ



BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO

ANO CCCXLIII

• VENRES 1 DE AGOSTO DE 2003

• SUPLEMENTO NÚM. 10 EN LINGUA GALEGA

FASCÍCULO TERCEIRO

14188 *LEI 25/2003, do 15 de xullo, pola que se aproba a modificación do convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra. («BOE» 169, do 16-7-2003.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todosos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En tanto que norma pactada, o vixente convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra, aprobado pola Lei 28/1990, do 26 de decembro, é susceptible de ser modificado en calquera momento por



MINISTERIO
DE LA PRESIDENCIA